

## ACTA N° 05/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE FEBREIRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
D. Daniel Rodas Chapela.  
D. Valentín Piñeiro González  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 2 de febreiro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 04/09, do 26/01/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

**2.A) EXPTE. 95/08 – D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> DEL CARMEN POMBAL PIÑEIRO** presenta proxecto básico e execución para acondicionamento de local para oficina a situar no Edif. Vipomar 1º na urbanización do Rosal Sur, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo estudo do arquitecto D. Cristóbal Juncal Ríos, visado na data 03/04/2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA DESTINADA A OFICINA.

**INFORME: Procede licenza de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL con destino de uso OFICINA**

Uso compatible cos determinados pola ordenación urbanística zonal.

O abeiro no disposto no Artigo 22.3 do decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e dado a que con arranxo o proxecto de obra presentado para o acondicionamento do inmovible destinado as características determinadas refrendadas pola ordenación de usos, débese conceder o permiso de obras se o outorgamento da licenza de apertura non resultase improcedente.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	174,59 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

Visto o expediente instruído a instancia da interesada e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL con destino de uso oficina **se o outorgamento da licenza de apertura non resultase improcedente**; licenza de obra que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circía subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.B) EXPTE. 129/08 – D. CARLOS PEREIRA MÍGUEZ** presenta proxecto básico e de execución para instalación de supermercado, a situar no barrio de Calvar nº 10 baixo – Domaio, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Ramón Barreiro Carreño, visado na data 28.04.2008,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 28 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA LICENZA DE ACTIVIDADE CLASIFICADA PARA APERTURA DE INSTALACIÓN DESTINADA A SUPERMERCADO

**INFORME: Procede licenza urbanística de obras.**

Procédese a formación e tramitación en pezas separadas para cada intervención administrativa os expedientes que se esixen de licenza urbanística e de apertura

Sométese a licenza urbanística de obras o denominado PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A INSTALACIÓN DE SUPERMERCADO.

Atendendo o disposto no Artigo 196.2, parágrafo último da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), o técnico que informa, unha vez recibida a resolución co nº de rexistro de saída 13542 de 25 de novembro do 2008 do Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, estima que co cumprimento dos requisitos establecidos na resolución referenciada será procedente

otorga-la licenza de actividade ou de apertura, e polo que a Xunta de goberno local pasa a resolver sobre a licenza urbanística de obra.

De xeito unitario notificarase ó interesado que para a obtención da licenza da actividade clasificada como molesta S.C.D., produción de ruidos, a instalación deberá cumprir coas determinacións do proxecto; así mesmo previa a concesión da licenza de actividade definitiva, a empresa contará coas autorizacións sectoriais e rexistros pertinentes. A traballar coas portas e fiestras fechadas e ventilación forzada, todos os residuos xerados pola actividade se xestionarán con xestores autorizados, segundo a súa tipoloxía, e de acordo coa normativa vixente. Non instalará equipo musical ou similar. Cumprimento da normativa vixente en materia de contaminación acústica, e en particular a ordenanza de ruidos do concello. Previa obtención de licenza de actividade definitiva, na visita de comprobación, deberá estar o titular en posesión dun certificado de ruidos e vibracións favorable, emitido por empresa homologada n medición de ruidos. Instalará separador de graxas, debidamente dimensionado, previo entronque co sumidoiro, para as augas procedentes dos fregadoiros da carnicería e pescadería, segundo os planos e memoria. O equipamento de ventilación/climatización contará con illamento acústico e antivibratorio, disporá de elementos de reloxización de velocidade de saída do aire viciado e as saídas estarán alonxadas dos ocos ou fiestras das vivendas próximas. Todo equipamento dotado d motos/es estará debidamente equilibrado estática e dinámicamente, en bó estado de conservación, apoiaranse sobre material absorbente/elástico que asegure a minimación do ruído ou vibración e afastado de partes estruturais que poidan actuar como transmisorias de ruído ou vibracións.

Para o ulterior outorgamento da licenza de actividade clasificada para apertura deberá presentar oficio de dirección de obras do facultativo conforme a instalación se executou de acordo co proxecto e demais determinacións, xustificará o cumprimento con auditor autorizado das condicións acústicas da instalación.

Atendendo o disposto no Artigo 34 do RAMINP (Decreto 2414/1961 ) obtida a licenza de apertura da instalación esta non poderá exercerse sen que ante se xire visita de comprobación polo funcionario competente, que en función da natureza da instalación este Concello.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.005,38 €
Taxas licenza urbanística.....	89,77 €
Cartel de obra.....	110,00 €

Visto o expediente instruído a instancia da interesada e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL asociada a unha licenza de actividade clasificada para apertura de instalación destinada a supermercado; licenza de obra que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

### **3.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por PROMOCIONES INMOBILIARIAS VIVENGAL, S.L., no que SOLICITA que se incorpore documentación á solicitude presentada o día 17.12.08 no que solicitaba licenza de primeira ocupación para edificio de 25 vivendas, 10 oficinas, 3 locais comerciais e garaxes situado no Plan Parcial O Rosal Sur, polígono II Parcela 36, do barrio do Redondo de Moaña, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 62/2006, concedida pola XGL en sesión de data 24.07.2006).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 02 de febreiro de 2009 que di:

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

**INFORME:** **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación, o estado final das obras se adapta ó proxecto que serviu de base para a concesión de licenza.**

Xirada visita o día 29 de xaneiro de 2009, ó barrio do Rosal, ó edificio propiedade de PROMOCIONES INMOBILIARIA VIVENGAL, podo INFORMAR o seguinte:

Antecedentes:

Con data do 29 de xaneiro de 2009, o arquitecto D. Gumersindo Ferro Pichel, asina o informe sobre o estado actual da urbanización do Plan Parcial O Rosal, 2ª etapa; no cal se conclúe que a obra se atopa preparada para ser recibida, iniciándose o período de garantía de 1 ano dende o momento efectivo da mesma. Debendo conservar os avais bancarios ata o momento da recepción definitiva.

Consideracións:

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Copias dos recibos da taxa de licenza urbanística e liquidación provisional do imposto de construción.

Proxecto (estado final de obra) de edificio, de 25 vivendas, oficinas, locais comerciais e garaxes. Asinado polo Arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 28 de novembro de 2008.

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Senén Fernández de la Calle, o día 19 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 20 de novembro de 2008; asinado polo arquitecto D. José Manuel Pastoriza Rodas o día 19 de novembro de 2008, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 22 de novembro de 2008.

Copia do informe de aillamento acústico e ruído aéreo, ruído de impacto e fachada, redactado pola empresa Eptisa, Servicios de Ingeniería, S.A. certificando que o edificio inspeccionado cumpre os requisitos establecidos na normativa vixente.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmuebles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Conclusións:

**Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación, o estado final das obras se adapta ó proxecto que serviu de base para a concesión de licenza.**

**Liquidación provisoria de tributos**

Licenza primeira ocupación 25 vivendas e 13 locais..... 3.610,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 25 vivendas, 10 oficinas, 3 locais comerciais e garaxes situado no Plan Parcial O Rosal Sur, polígono II Parcela 36, do barrio do Redondo de Moaña, dimanante da licenza en Expte. nº 62/2006, á súa promotora PROMOCIONES INMOBILIARIAS VIVENGAL, S.L., nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

**4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS**

**4.A) CORRECCIÓN DE ERROS DE SUPERFICIE EN LICENZA DE PARCELACIÓN.**

Visto o escrito do 20 de xaneiro de 2009 de D. Pablo Pena Couñago, no que solicita que se corrixa un erro na redacción do acordo da Xunta de Goberno Local do 16.06.08 polo que se lle concede a licenza de parcelación que solicitou para unha finca situada en Lago de Abelendo (nº expte. 147/08), xa que a superficie total e das parcelas resultantes que aparece no epígrafe non é correcta,

Vistas as superficies que se recollen no informe do aparellador do 11.06.08 que se reproduce no acordo do 16 de xuño de 2008,

Visto o informe do aparellador municipal do 27 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CORRECCIÓN DE ERROS

CONCESIÓN DE LICENZA

EXPTE. 147/08

PETICIONARIO: PABLO PENA COUÑAGO

XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE XUÑO DE 2008.

No primeiro parágrafo do acordo da Xunta de Goberno Local do día 16 de xuño de 2008 referido o **EXPTE. 147/08 PABLO PENA COUÑAGO...** debe decir: .. superficie total 855,00 M/2, parcela A-374,85 M/2 e parcela B-480.15 M/2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda que se corrixa o erro do primeiro parágrafo do acordo tomado por ela o día 16 de xuño de 2008, referido ao **EXPTE. 147/08 PABLO PENA COUÑAGO....** debe dicir: .. superficie total 855,00 M/2, parcela A-374,85 M/2 e parcela B-480.15 M/2.

#### **4.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE D.FRANCISCO ORLANDO COSTAS GAYO**

Vistas as solicitudes de D. FRANCISCO ORLANDO COSTAS GAYO nas que presenta primeiro proxecto de execución e logo modificado de este de vivenda unifamiliar e almacén para venta ao por maior de todo tipo de artigos, visados o día 11/12/08 e 15/01/09 respectivamente, correspondente ao expediente nº 204/08,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 21 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

EXPEDIENTE DE OBRAS: 204/08

PETICIONARIO: FRANCISCO ORLANDO COSTAS GAYO

ASUNTO: PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo o expediente 204/08 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licenza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparelador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 204/08.**

#### **5.- OBRAS MENORES**

**EXPTE. 09/09, D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN CHAPELA GONZÁLEZ** presenta solicitude para traballos de ampliación de portal de acceso á parcela sita no lugar de Palmás, núm. 204 – Domaio, retirando portal actual, demolición muro existente e substitución de portal por un de 3,5 de ancho, colocando unha columna de pedra a cada lado do mesmo, de conformidade coa documentación entregada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 27 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** AMPLIACIÓN DE PORTAL (OBRA MENOR)

**INFORME:** **Procede licenza de acordo coa documentación presentada.**

Altura máxima a partir da rasante será de 2,00 metros.

Axústase as aliñacións que o sistema viario da NN.SS. de Planeamento Municipal propón para a zona.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 23,80 €

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

Visto o informe do técnico municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza para a ampliación do portal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

### **6.- RECEPCIÓN URBANIZACIÓN ETAPA II PLAN PARCIAL O ROSAL SUR**

Vista a solicitude presentada por D. José Luis Álvarez Souto, en nome e representación da Xunta de Compensación do Polígono II, do Plan Parcial O Rosal Sur, con enderezo na rúa Donato Bernárdez, s/n. Edif. Rosal, 6, Local H, na que interesa a recepción por parte do Concello de Moaña, das obras de urbanización da mencionada Etapa II.

Dase conta do informe asistencia técnica municipal de data 29 de xaneiro de 2009, emitido a petición da Alcaldía, sobre o estado da urbanización:

#### Antecedentes

*Presentada solicitude por parte de D. José Luis Álvarez Souto, en representación da Xunta de compensación do Polígono II do Plan Parcial O Rosal Sur, vístase a obra con data 29 de xaneiro de 2009.*

#### CONSIDERACIÓNS

- 1.- Visitada a urbanización en data 29 de xaneiro de 2009, compróbase que a urbanización conta cos servizos urbanísticos.*
- 2.- A fase realizada está conectada mediante servizos co resto da urbanización do Plan Parcial ou viais exteriores o ámbito.*
- 3.- As obras poden ser recibidas provisoriamente polo concello pasando a iniciarse o período de garantía de 1 ANO, e debendo en todo caso conservarse os avais depositados ata o momento da recepción definitiva.*

*Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores, pódese deducir o seguinte.*

#### CONCLUSION

*A obra encóntrase preparada para ser recibida, iniciándose o período de garantía de 1 ano dende o momento efectivo da mesma. Deberá conservarse os avais bancarios ata o momento da recepción definitiva.*

Visto o informe de Secretaría de data 2 de febreiro de 2009,

Visto o informe de Aqualia sobre o informe de situación dos servizos de auga e rede de saneamento.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

Aprobar a recepción das obras de urbanización da etapa II do “Plan Parcial de O Rosal Sur” iniciándose o período de garantía de doce meses, unha vez rematado éste, unha vez verificada a subsanación de posibles deficiencias, ou comprobados a súa inexistencia, poderá retirarse o aval presentado.

## **7.- PROPOSTAS DE GASTOS**

**7.A)** Visto o orzamento –sen ive- presentado pola empresa A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA, S.A. na folla de solicitude de pedido para a compra de materiais para o departamento de Servizos, por un importe de 816,65 € .

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 5110-22109, RC 220.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e compromentendo o gasto, por un importe de 1.402,44 € a favor de A&B LABORATORIOS DE BIOTECNOLOGÍA, S.A., con cargo a partida 5110-22109 RC 220, polo subministro de materiais para o departamento de Servizos.

**7.B)** Visto o orzamento presentado por PUBLISAN MORRAZO, S.L. para os trofeos da gala do deporte, por un importe de 1.402,44,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.



Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectuou na partida 4520-22601, RC 219.

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o orzamento, autorizando e comprometendo o gasto, por un importe de 1.402,44 € a favor de PUBLISAN MORRAZO S.L. con cargo a partida 4520-22601 RC 219, polos trofeos para a Gala do Deporte.

#### **8.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 661/08 DO PROCEDEMENTO 834/08, XULGADO DO SOCIAL Nº 3 DE VIGO**

Vista a sentenza 661/08, de data 20/11/08, recaída no procedemento 834/08, seguido no Xulgado do Social nº 3 de Vigo,

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa execución e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 3.060,08 euros a D. Fernando Alves Malvido, traballador laboral eventual do Concello, en concepto de 2.781,89 euros de cantidade reclamada e 278,19 euros en concepto de 10 % por mora no seu pago.

#### **9.- EXECUCIÓN DE SENTENZA 207/08 DO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 164/08-P, XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA.**

Vista a sentenza 207/08, de data 31/07/08, recaída no procedemento abreviado nº 164/08, seguido no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra,

A Xunta de Goberno Local acorda proceder á súa execución e, na súa virtude, recoñecer a obriga de 9,44 euros a D.<sup>a</sup> Marcelina Carmen Vázquez Martínez, en concepto de 9,19 euros de cantidade reclamada e 0,25 euros en concepto de xuros.

#### **10.- SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE INGRESO POR TAXAS URBANÍSTICAS**

D. María Rodríguez García, por escrito do 1 de decembro de 2009, achega a documentación que se lle pedía a licenza para o proxecto de parcelación de finca que o Catastro sitúa agora en Cangas e solicita a devolución das taxas de licenza urbanística pagadas no seu momento de 95 € (expte. 255/05).

Visto o informe da Tesourería do 2 de febreiro de 2009, que conclúe desfavorablemente sobre a petición de devolución da cantidade ingresada en concepto de taxa por parcelación baseándose no artigo 11.5 da ordenanza fiscal do Concello de Moaña, reguladora da taxa por licenzas urbanísticas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda denegar a devolución polos motivos expresados no informe da Tesourería municipal.

## **11.- FURANCHOS:**

**11.A)** D.<sup>a</sup> CARMEN ABAL PORTELA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, no baixo da súa vivenda en Abelendo 198, no periodo do 1 de marzo ao 1 de maio do 2009. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no citado periodo, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**11.B)** D. MANUEL MARTÍNEZ JALDA solicita autorización para abrir un furancho para a venda de viño de colleita propia, en Igrexario-Tirán 144, desde o 6 de marzo. Presenta declaración de produción campaña 2008-09 da Consellería de Medio Rural.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda autorizar a instalación do furancho solicitado no citado periodo, debendo cumprir co establecido no Decreto 116/2008 de 8 de maio da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

## **12.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DO CASAL (MOAÑA)”**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Instalación de céspede artificial no campo de fútbol municipal do Casal (Moaña)” redactado polo Arquitecto D. José Luis Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de TRESCENTOS SETENTA E CINCO MIL OTOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS E SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (375.872,72 euros). (324.028,21 euros + 51.844,51 euros de IVE).”

### **13.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO EN O POMBAL-COUSO (MOAÑA)”**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Instalación de alumeado público en O Pombal-Couso (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Instalación de alumeado público en O Pombal-Couso (Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

### **14.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN (MOAÑA)”**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Instalación de alumeado público entre O Portal do Almacén e Broullón (Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Instalación de alumeado público entre O Portal do Almacén e Broullón (Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

### **15.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE A CERRADIÑA E A DEVESEA (DOMAIO-MOAÑA)”**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local e redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña)” redactado pola Enxeñeira técnica industrial Dna. Rosa Fernández Sampaiño, e que conta cun importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE).

### **16.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA PAM 2007 “CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS AS BARXAS-BERDUCEDO”**

Elaborado o Proxecto básico e de execución para a obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

UNICO: Aprobar o Proxecto da Obra “Construcción de beirarrúas As Barxas-Berducedo” redactado polos Servizos Técnicos Municipais, e que conta cun importe de

execución por contrata de DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CINCOENTA E NOVE EUROS E SESENTA E CATRO CÉNTIMOS ( 231.659,64 euros). (199.706,59 euros + 31.953,05 euros de IVE).

### **17.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE ORIENTADORA LABORAL.**

Visto o informe da orientadora laboral sobre as características das subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, convocadas pola Consellería de Traballo e publicadas no DOG do martes, 20 de xaneiro de 2009.

Vista a proposta da Alcaldía do 30 de xaneiro de 2009 que textualmente di:

“Visto o informe da orientadora laboral, a Orde do 30 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e busca de emprego, e á vista da necesidade de continuidade do servizo de orientación laboral neste Concello, faise necesario aprobar a solicitude de subvención para o período comprendido entre o 01/02/2009 ata o 31/01/2010.

Polo anterior,  
PROPOÑO:

Aprobar que se solicite ante a Consellería de Traballo a subvención para a contratación da orientadora profesional para o emprego para o Concello de Moaña para o período comprendido entre o 01/02/2009 ata o 31/01/2010 por un importe de 30.688,29 euros”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da Alcaldía nos seus xustos termos e, así, solicitar ante a Consellería de Traballo a subvención para a contratación da orientadora profesional para o emprego para o Concello de Moaña para o período comprendido entre o 01/02/2009 ata o 31/01/2010 por un importe de 30.688,29 euros.

### **18.- MODIFICACIÓN SERVIZO LUDOTECA**

**18.A)** Visto o informe-proposta do 27 de xaneiro de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e praxe da concelleira de Igualdade, que textualmente di:

Cristina Santomé Sánchez, con DNI 36.074.191W, como representante (nai) das menores Sara Garrido Santomé (socia nº 127) e Luisa Garrido Santomé (socio nº 128) presenta a documentación pertinente para que a tarifa que se lle asigne a ambas sexa a Art. 4 Epgr. 3º (usuarios relacionados entre si por vínculos de 1º grao de consanguinidade) e deixe de ser a tarifa normal (art. 4 Epgr.1º). Isto se motiva porque Luisa Garrido Santomé, socia nº 128, xa ten 4 anos de idade e pode comezar a asitir á Ludoteca.

Polo que se propón a ANULACIÓN da tarifa anterior (Art. 4 Epgr. 1º) e dar de alta a ambas socias (nº 127 e nº 128) na seguinte tarifa: Art. 4 Epgr. 3º a (usuarios relacionados entre si por vínculos de 1º grao de consanguinidade).

<b>Socio</b>	Sara Garrido Santomé	<b>Art. 4 Epgr.3ª</b>
--------------	----------------------	-----------------------

<b>127</b>	CRISTINA SANTOMÉ SÁNCHEZ	36.074.191 W
<b>Socio</b>	Luisa Garrido Santomé	<b>Art. 4 Epgr.3ª</b>
<b>128</b>	CRISTINA SANTOMÉ SÁNCHEZ	36.074.191 W

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da coordinadora da Ludoteca nos seus xustos termos.

**18.B)** Visto o informe do 27 de xaneiro de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos persoas asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca ao seguinte usuario, con indicación do nome do menor, o nº de socio, tarifa que lle corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

<b>Socio</b>	Lucas Maceira Paz	<b>Art. 4 Epgr.1º</b>
<b>156</b>	Mª TERESA PAZ PUIME (nai)	36.082.452 Y

**Art. 4. Epgr. 1º – Tarifa normal.**

**18.C)** Visto o informe do 29 de xaneiro de 2009 da coordinadora da Ludoteca, co visto e prace da Concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos persoas asistentes, acorda dar de alta no servizo municipal da Ludoteca aos seguintes usuarios, con indicación do nome dos menores, o nº de socio, tarifa que lles corresponde e nome do/a responsable obrigado ao seu pagamento:

<b>Socio</b>	Tomás Soaje Carril	<b>Art. 4 Epgr.3º a</b>
<b>151</b>	OLGA CARRIL RIAL	52.490.418 W
<b>Socio</b>	Mauro Soaje Carril	<b>Art. 4 Epgr.3º a</b>
<b>152</b>	OLGA CARRIL RIAL	52.490.418 W

<b>Socio</b>	Raúl Hernández Sánchez	<b>Art. 4 Epgr.1º</b>
<b>157</b>	GREGORIO HERNÁNDEZ PORRÚA	35.302.399 K

## **19.- SOLICITUDE DE BAIXA DO CURSO DE PINTURA**

D. José Veiga Iglesias solicita darse de baixa do curso de pintura que comezou en outubro xa que non pode asistir polas razóns que expón no seu escrito do 16 de xaneiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a baixa solicitada.

## **20.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	<b>Servizo</b>	<b>Lugar</b>	<b>Taxas aboadas</b>	<b>Informe favorable</b>
Mª JOSEFA JUNCAL SOUTO	Auga Saneamento usos domésticos	Concepción Arenal, 100 – 2º B	Conexión auga ..... 60 € Fianza auga ..... 20 € Conexión sumidoiros ..... 180 €	Aqualia
JESÚS CRUZ RADIO	Auga uso industrial	Fontes, s/n	Conexión auga ..... 60 € Fianza ..... 150 €	Aqualia

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:50 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.